

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se establecen obrigas de información respecto das participacións preferentes e outros instrumentos de débeda e de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes na Unión Europea.*

A disposición derradeira única do Real decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se establecen obrigas de información respecto das participacións preferentes e outros instrumentos de débeda e de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes na Unión Europea, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

1. O disposto nos números un, dous e cinco do artigo único entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

2. O disposto nos números tres, catro e seis do artigo único entrará en vigor o día 1 de xullo de 2005 e aplicarase a todas as rendas suxeitas a subministración de información que se paguen ou aboan a partir da dita data, excluindo a parte proporcionalmente devengada con anterioridade.

Mediante orde do ministro de Economía e Facenda poderá modificarse a referida data de entrada en vigor, para acomodalala á eventual nova data que se fixe conforme o disposto polo número 3 do artigo 17 da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e as modificacións introducidas polo artigo único no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, serán de aplicación aos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

16483 *ORDE EHA/3061/2005, do 3 de outubro, pola que se establecen as condicións e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 038 e o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes ao modelo 180, se regula o lugar, o prazo e a forma de presentación da declaración-resumo anual correspondente ao modelo 392 e se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 180, 193, 345, 347 e 349, e outras normas tributarias. («BOE» 239, do 6-10-2005.)*

A Axencia Tributaria veu prestando nos últimos anos unha especial atención ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para facilitar aos cidadáns o cumprimento voluntario das súas obrigas tributarias. Neste sentido, os logros que se alcanzaron foron notables, especialmente desde a promulgación do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro polo que se regula a utilización de técni-

cas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado (Boletín Oficial del Estado do 29), ditado en desenvolvemento do disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Boletín Oficial del Estado do 27).

Nesta mesma liña, o artigo 96 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (Boletín Oficial del Estado do 18), compromete, con carácter xeral a Administración tributaria para que promova a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias apuntando que, cando sexa compatible cos medios técnicos de que dispoña, os cidadáns se poderán relacionar con ela para exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigas a través das devanditas técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos coas garantías e requisitos previstos en cada procedemento.

Desde 1999, ano en que comezou a presentación de declaracións tributarias a través da internet, foise incrementando paulatinamente o número de declaracións e declaracións-liquidacións susceptibles de presentación por esa vía, na medida en que o permitiron os recursos técnicos e humanos da Axencia Tributaria.

Con esta orde, que establece nos seus puntos primeiro e segundo as condicións xerais e o procedemento de presentación telemática pola internet da relación de operacións realizadas por entidades inscritas en rexistros públicos, modelo 038, aprobado pola Orde HAC/66/2002, do 15 de xaneiro (Boletín Oficial del Estado do 18), dáse un paso máis para que todas as declaracións tributarias susceptibles de presentación por vía telemática pola internet, poidan utilizar a devandita vía para efectuar a súa presentación.

Así mesmo, co fin de estender a posibilidade de presentar as declaracións tributarias por vía telemática a través de teleproceso, no punto terceiro desta orde establece esta forma de presentación para o modelo 180, de declaración-resumo anual de retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), aprobado por Orde do 20 de novembro de 2000 (Boletín Oficial del Estado do 28).

Por outro lado, a experiencia na aplicación do procedemento de presentación por vía telemática pola internet das declaracións de grandes empresas e a xeneralización desta forma de presentación para estes obrigados, aconsellan estender a presentación obrigatoria por vía telemática pola internet á declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido das grandes empresas, modelo 392, aprobado pola Orde do 26 de novembro de 1999 pola que se aproban os modelos 390 e 392 de declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido en euros (Boletín Oficial del Estado do 30). Con esta finalidade e facendo uso, entre outras, da habilitación contida no punto 6 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro (Boletín Oficial del Estado do 31), no punto cuarto desta orde establécese a presentación obrigatoria por vía telemática a través da internet da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido, modelo 392.

Igualmente, a evolución da tecnoloxía asociada á internet vén pondo de manifesto a crecente utilización desta vía nas relacións entre os contribuíntes e a Axencia Tributaria fronte á utilización doutros medios como son os soportes directamente lexibles por ordenador. Ademais, a experiencia xestora no tratamento dos citados soportes utilizados para a presentación de determinadas

declaracións informativas e recapitulativas, vén pondo de manifesto as súas desvantaxes fronte á presentación de declaracións pola internet. Por iso, considérase que actualmente se dan as condicións idóneas para potenciar a utilización da internet como medio de presentación de declaracións e de restrinxir o uso dos soportes directamente lexibles por ordenador unicamente para aquelas declaracións informativas e recapitulativas que conteñan máis de 49.999 rexistros de declarados. Dada a importancia da modificación e atendendo a razóns de seguridade xurídica e homoxeneidade, así como a exixencias de claridade expositiva, considerouse conveniente regular en puntos específicos as formas de presentación para cada modelo afectado. En concreto nos puntos sétimo, oitavo, noveno, décimo e décimo primeiro desta orde regúlanse as formas de presentación das declaracións correspondentes aos seguintes modelos: 180. Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos. Resumo anual; 193. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Retencións e ingresos á conta sobre determinados rendementos do capital mobiliario. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas. Resumo anual; 345. Plans, fondos de pensións, sistemas alternativos, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados. Declaración anual; 347. Declaración anual de operacións con terceiras persoas; 349. Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias.

Por outro lado, co fin de recoller a posibilidade de efectuar a solicitude do número de identificación fiscal das entidades dentro do marco dos convenios subscritos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria cos organismos e institucións que interveñen no seu proceso de creación, na disposición derradeira primeira desta orde modifícase a Orde HAC/2567/2003, do 10 de setembro, pola que se aproba o modelo 036 de declaración censual de alta, modificación e baixa no censo de obrigados tributarios e se establecen o ámbito e as condicións xerais para a súa presentación (Boletín Oficial del Estado do 17).

Finalmente e co fin de introducir no ámbito do uso do número de referencia completo (NRC) con carácter de xustificante de pagamento un novo suposto en que se fai necesaria a previa autorización da Administración tributaria para a anulación dun NRC erróneo, na disposición derradeira segunda desta orde modifícase a Orde do 15 de xuño de 1995 pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación na redacción dada a este polo Real decreto 448/1995, do 24 de marzo, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria (Boletín Oficial del Estado do 22).

A competencia do ministro de Economía e Facenda para establecer o procedemento de presentación telemática de declaracións tributarias deriva de normas de rango legal. Así, a propia Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no punto 4 do seu artigo 98 habilita o ministro de Facenda para que determine os supostos e condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

As habilitacións ao ministro de Facenda indicadas nesta orde deben entenderse conferidas ao ministro de Economía e Facenda, de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 553/2004, do 17 de abril, polo que se reestructuran os departamentos ministeriais (Boletín Oficial del Estado do 18).

En consecuencia e facendo uso das autorizacións que teño conferidas, dispoño:

Primeiro. *Condicións xerais para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 038.*

Un. A declaración correspondente ao modelo 038, de relación de operacións realizadas por entidades inscritas en rexistros públicos, poderase efectuar a través da internet.

Dous. A presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 038 estará suxeita ás seguintes condicións:

1. O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF).

2. O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (Boletín Oficial del Estado do 15).

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será esta persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado.

3. Para efectuar a presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 038 o declarante ou, de ser o caso, o presentador autorizado, deberá cubrir os datos fiscais do formulario que estará dispoñible na páxina web da Axencia Tributaria, axustado ao contido do modelo 038 aprobado pola Orde HAC/66/2002, do 15 de xaneiro.

Tres. Naqueles casos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, a dita circunstancia porase en coñecemento do declarante polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa emenda.

Catro. Naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non fose posible efectuar a presentación pola internet no prazo a que se refire o punto sexto da Orde HAC/66/2002, do 15 de xaneiro, a dita presentación poderase efectuar durante os tres días naturais seguintes ao de finalización do mencionado prazo.

Cinco. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios (Boletín Oficial del Estado do 21) e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios (Boletín Oficial del Estado do 3 de xuño), poderán facer uso da dita facultade respecto da declaración a que se refire esta orde.

As devanditas persoas ou entidades poderán efectuar a presentación encadeada de declaracións, modelo 038, por vía telemática pola internet utilizando a modalidade de presentación por lotes.

Segundo. *Procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 038.-O procedemento para a presentación telemática das declaracións será o seguinte:*

1. O Declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet

ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo: <https://aeat.es>; seleccionará o modelo de declaración e procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

2. Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos recollidos no anexo I validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendar estes no formulario de entrada ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

3. O Presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como os datos recollidos no anexo I debidamente validado co correspondente código electrónico.

Terceiro. Procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes ao modelo 180.—A declaración-resumo anual de retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), modelo 180, poderase efectuar por vía telemática por teleproceso, axustándose ao disposto na Orde do 21 de decembro de 2000 pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347 (Boletín Oficial del Estado do 28).

Cuarto. Condicións xerais para a presentación telemática pola internet da declaración-resumo anual correspondente ao modelo 392.

Un. Carácter da presentación.—A presentación por vía telemática pola internet da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido correspondente ao modelo 392 terá carácter obrigatorio.

Dous. Requisitos para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 392.—A presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 392 estará suxeita ás seguintes condicións:

1. O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF).

2. O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio (Boletín Oficial del Estado do 15), pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será esta persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado.

3. Para efectuar a presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 392, o declarante ou, de ser o caso, o presentador autorizado, deberá utilizar previamente un programa de axuda para obter o ficheiro coa declaración que vai transmitir. Este programa de axuda poderá ser o desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para as declaracións correspondentes ao citado modelo, ou outros que obteñan un ficheiro co mesmo formato.

Tres. Naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non fose posible efectuar a presentación pola internet no prazo a que se refire o punto sexto desta orde, a dita presentación poderase efectuar durante os tres días naturais seguintes ao de finalización do mencionado prazo.

Catro. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios (Boletín Oficial del Estado do 21) e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios (Boletín Oficial del Estado do 3 de xuño), poderán facer uso da dita facultade respecto da declaración a que se refire esta orde.

As devanditas persoas ou entidades poderán efectuar a presentación encadeada de declaracións, modelo 392, por vía telemática pola internet utilizando a modalidade de presentación por lotes.

Quinto. Procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 392.—O procedemento para a presentación telemática das declaracións será o seguinte:

1. O declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo: <https://aeat.es>; seleccionará o modelo de declaración e procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

2. Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos recollidos no anexo II validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendar estes co programa de axuda con que se xerou o ficheiro ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

3. O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como os datos recollidos no anexo II debidamente validado co correspondente código electrónico.

Sexto. Prazo de presentación da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido, modelo 392.—A declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido, modelo 392, deberá presentarse nos trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro seguinte ao ano a que

se refire a declaración, sen prexuízo do establecido no subpunto tres do punto cuarto desta orde.

Sétimo. Modificación das formas de presentación do modelo 180.—A presentación do resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes) sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, modelo 180, aprobado pola Orde do 20 de novembro de 2000 (Boletín Oficial del Estado do 28), efectuarase conforme os criterios que a continuación se especifican:

1. As declaracións que conteñan ata 25 rexistros de perceptores deberán presentarse á elección do obrigado tributario, a través dalgunha das seguintes formas:

a) En impreso, tanto se a declaración foi cuberta nun formulario axustado ao modelo 180 aprobado no punto oitavo da Orde do 20 de novembro de 2000 anteriormente mencionada, como se se trata dun impreso xerado mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Por vía telemática, a través da internet, conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos décimo e décimo primeiro da Orde do 20 de novembro de 2000, que aprobou o modelo.

c) Por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento regulado na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347.

2. As declaracións que conteñan máis de 25 e ata 49.999 rexistros de perceptores, así como, as que sen excederen deste último número correspondan aos obrigados tributarios respecto dos cales as funcións de xestión están atribuídas a algunha das unidades de xestión de grandes empresas dependentes do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberán presentarse por vía telemática a través da internet conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos décimo quinto e décimo sexto da Orde do 20 de novembro de 2000, ou ben por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000.

3. As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros de perceptores deberán presentarse por vía telemática por teleproceso conforme o procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000, ou en soporte directamente lexible por ordenador conforme o establecido no punto noveno da Orde do 20 de novembro de 2000, o cal deberá cumprir as seguintes características:

Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.

Capacidade: ata 700 MB.

Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con ou sen extensión Joliet.

Non multisesión.

Oitavo. Modificación das formas de presentación do modelo 193.—A presentación do resumo anual de retencións e ingresos á conta sobre determinados rendementos de capital mobiliario do imposto sobre a renda das persoas físicas e sobre determinadas rendas do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), modelo 193, aprobado pola Orde do 18 de novembro de 1999 (Boletín Oficial del Estado do 19), efectuarase conforme os criterios que a continuación se especifican:

1. As declaracións que conteñan ata 25 rexistros de perceptores deberán presentarse á elección do obrigado tributario, a través dalgunha das seguintes formas:

a) En impreso, tanto se a declaración foi cuberta nun formulario axustado ao modelo 193 aprobado no punto cuarto da Orde do 18 de novembro de 1999 anteriormente mencionada, como se se trata dun impreso xerado mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Por vía telemática a través da internet, conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos cuarto e quinto da Orde do 21 de decembro de 2000 pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 117, 123, 124, 126, 128, 216, 131, 310, 311, 193, 198, 296 e 345 (Boletín Oficial del Estado do 28).

c) Por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento regulado na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347.

2. As declaracións que conteñan máis de 25 e ata 49.999 rexistros de perceptores, así como as que, sen excederen deste último número, correspondan aos obrigados tributarios respecto dos cales as funcións de xestión están atribuídas a algunha das unidades de xestión de grandes empresas dependentes do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberán presentarse por vía telemática a través da internet conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos cuarto e quinto da Orde do 21 de decembro de 2000, ou ben por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000.

3. As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros de perceptores deberán presentarse por vía telemática por teleproceso conforme o procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000, o en soporte directamente lexible por ordenador conforme o establecido no punto quinto da Orde do 18 de novembro de 1999, o cal deberá cumprir as seguintes características:

Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.

Capacidade: ata 700 MB.

Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con ou sen extensión Joliet.

Non multisesión.

Noveno. Modificación das formas de presentación do modelo 345.—A presentación da declaración anual de plans, fondos de pensións, sistemas alternativos, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados, modelo 345 en euros, aprobado pola Orde do 27 de xullo de 2001 (Boletín Oficial del Estado do 3 de agosto), efectuarase conforme os criterios que a continuación se especifican:

1. As declaracións que conteñan ata 25 rexistros de persoas relacionadas na declaración deberán presentarse, á elección do obrigado tributario, a través dalgunha das seguintes formas:

a) En impreso, tanto se a declaración foi cuberta nun formulario axustado ao modelo 345 aprobado no punto noveno da Orde do 27 de xullo de 2001 anteriormente mencionada, como se se trata dun impreso xerado mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Por vía telemática a través da internet, conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos cuarto e quinto da Orde do 21 de decembro de 2000 pola que se establecen as condi-

cións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 117, 123, 124, 126, 128, 216, 131, 310, 311, 193, 198, 296 e 345.

c) Por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento regulado na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347.

2. As declaracións que conteñan máis de 25 e ata 49.999 rexistros de persoas relacionadas na declaración, así como as que sen excederen deste último número correspondan aos obrigados tributarios respecto dos cales as funcións de xestión están atribuídas a algunha das unidades de xestión de grandes empresas dependentes do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberán presentarse por vía telemática a través da internet conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos cuarto e quinto da Orde do 21 de decembro de 2000, ou ben por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000.

3. As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros de persoas relacionadas na declaración deberán presentarse por vía telemática por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000, ou en soporte directamente lexible por ordenador conforme o establecido no punto segundo da Orde do 22 de decembro de 1999 pola que se aproba o modelo 345 en pesetas de declaración anual que deben presentar as entidades xestoras de fondos de pensións, os promotores de plans de pensións, as entidades acollidas a sistemas alternativos de cobertura de prestacións análogas ás de plans de pensións e as mutualidades de previsión social, así como as condicións e os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores por soportes directamente lexibles por ordenador (Boletín Oficial del Estado do 29), o cal deberá cumprir as seguintes características:

Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.

Capacidade: ata 700 MB.

Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con ou sen extensión Joliet.

Non multisesión.

Décimo. *Modificación das formas de presentación do modelo 347.*—A presentación da declaración anual de operacións con terceiras persoas, modelo 347, aprobado pola Orde do 24 de novembro de 2000 (Boletín Oficial del Estado do 29), efectuarase conforme os criterios que a continuación se especifican:

1. As declaracións que conteñan ata 25 rexistros de persoas ou entidades relacionadas na declaración deberán presentarse, á elección do obrigado tributario, a través dalgunha das seguintes formas:

a) En impreso tanto se a declaración foi cuberta nun formulario axustado ao modelo 347 aprobado no punto primeiro da Orde do 24 de novembro de 2000 anteriormente mencionada, coma se se trata dun impreso xerado mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Por vía telemática a través da internet, conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos sexto e sétimo da Orde do 24 de novembro de 2000, que aprobou o modelo.

c) Por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento regulado na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións

correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347.

2. As declaracións que conteñan máis de 25 e ata 49.999 rexistros de persoas ou entidades relacionadas na declaración, así como as que sen excederen deste último número correspondan aos obrigados tributarios respecto dos cales as funcións de xestión están atribuídas a algunha das unidades de xestión de grandes empresas dependentes do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberán presentarse por vía telemática a través da internet conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos sexto e sétimo da Orde do 24 de novembro de 2000, ou ben por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000.

3. As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros de persoas ou entidades relacionadas na declaración deberán presentarse por vía telemática por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000, ou en soporte directamente lexible por ordenador conforme o establecido no punto segundo da Orde do 24 de novembro de 2000, o cal deberá cumprir as seguintes características:

Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.

Capacidade: ata 700 MB.

Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con ou sen extensión Joliet.

Non multisesión.

Décimo primeiro. *Modificación das formas de presentación do modelo 349.*—A presentación da declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias, modelo 349, aprobado pola Orde HAC/360/2002, do 19 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 22), efectuarase conforme os criterios que a continuación se especifican:

1. As declaracións que conteñan ata 25 rexistros de operadores deberán presentarse á elección do obrigado tributario, a través dalgunha das seguintes formas:

a) En impreso tanto se a declaración foi cuberta nun formulario axustado ao modelo 349 aprobado no punto primeiro da Orde HAC/360/2002, do 19 de febreiro, anteriormente mencionada, como se se trata dun impreso xerado mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Por vía telemática a través da internet, conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos décimo e décimo primeiro da Orde HAC/360/2002, do 19 de febreiro, que aprobou o modelo.

c) Por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento regulado na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347.

2. As declaracións que conteñan máis de 25 e ata 49.999 rexistros de operadores, así como as que sen excederen deste último número correspondan aos obrigados tributarios respecto dos cales as funcións de xestión están atribuídas a algunha das unidades de xestión de grandes empresas dependentes do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberán presentarse por vía telemática a través da internet conforme as condicións xerais e o procedemento establecidos, respectivamente, nos puntos décimo e décimo primeiro da Orde HAC/360/2002, do 19 de febreiro, ou ben por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000.

3. As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros de operadores deberán presentarse por vía telemática por teleproceso de acordo co procedemento establecido na Orde do 21 de decembro de 2000, ou en soporte directamente lexible por ordenador conforme o establecido no punto segundo da Orde HAC/360/2002, do 19 de febreiro, o cal deberá cumprir as seguintes características:

Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.
 Capacidade: ata 700 MB.
 Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con ou sen extensión Joliet.
 Non multisesión.

Disposición derogatoria única.

A partir da entrada en vigor desta orde quedan derogados as seguintes normas e preceptos:

1. A Orde do 27 de decembro de 2000 pola que se regulan o lugar, o prazo e a forma de presentación da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido, modelos 390 e 392 en pesetas e en euros, e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática (Boletín Oficial del Estado do 29).

2. O número 3 do subpunto tres do punto cuarto da Orde do 21 de decembro de 2000 pola que se establece o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 117 123, 124, 126, 128, 216, 131, 310, 311, 193, 198, 296 e 345, no que á declaración dos modelos 193 e 345 se refire.

3. Os parágrafos segundo e terceiro do subpunto un do punto noveno e o número 3 do subpunto tres do punto décimo quinto da Orde do 20 de novembro de 2000 pola que se aproban os modelos 115, en pesetas e en euros, de declaración-documento de ingreso, os modelos 180, en pesetas e en euros, do resumo anual de retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes, correspondente a establecementos permanentes, así como os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores do citado modelo 180 por soportes directamente lexibles por ordenador e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática.

4. Os parágrafos segundo e terceiro do subpunto un do punto quinto da Orde do 18 de novembro de 1999 pola que se aproban os modelos 123, en pesetas e en euros, de declaración-documento de ingreso e os modelos 193, en pesetas e en euros, do resumo anual de retencións e ingresos á conta sobre determinados rendementos do capital mobiliario do imposto sobre a renda das persoas físicas e sobre determinadas rendas do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes, correspondente a establecementos permanentes, e os modelos 124, en pesetas e en euros, de declaración-documento de ingreso e os modelos 194, en pesetas e en euros, do resumo anual de retencións e ingresos á conta dos citados impostos derivados da transmisión, amortización, reembolso, troco ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos, así como os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores dos citados modelos 193 e 194 por soportes directamente lexibles por ordenador (Boletín Oficial del Estado do 19).

5. Os parágrafos segundo e terceiro do subpunto un do punto segundo da Orde do 22 de decembro de 1999 pola que se aproba o modelo 345 de declaración anual que deben presentar as entidades xestoras de fondos de pensións, os promotores de plans de pensións, as entidades acollidas a sistemas alternativos de cobertura de prestacións análogas ás dos plans de pensións e as

mutualidades de previsión social, así como as condicións e os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores por soportes directamente lexibles por ordenador (Boletín Oficial del Estado do 29).

6. Os parágrafos segundo e terceiro do subpunto un do punto segundo e a letra c) do subpunto tres do punto sexto da Orde do 24 de novembro de 2000 pola que se aproban os modelos 347, en pesetas e en euros, de declaración anual de operacións con terceiras persoas, así como os deseños físicos e lóxicos para a substitución das súas follas interiores por soportes directamente lexibles por ordenador e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática.

7. Os parágrafos segundo e terceiro do subpunto un do punto segundo e o número 3 do subpunto tres do punto décimo da Orde HAC/360/2002, do 19 de febreiro, pola que se aproba o modelo 349 de declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias, se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática e se regula a colaboración social na presentación telemática da declaración anual de operacións con terceiras persoas, modelo 347.

8. Todos aqueles preceptos das ordes ministeriais que regulan as normas de presentación das declaracións correspondentes aos modelos 180, 193, 345, 347, e 349 que se opoñan ao establecido nos puntos sétimo, oitavo, noveno, décimo, décimo primeiro e décimo segundo desta orde.

9. O terceiro parágrafo do punto segundo da Orde HAC/3578/2003, do 11 de decembro, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación na redacción dada polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, e se modifica a Orde do 15 de xuño de 1995, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria (Boletín Oficial del Estado do 23).

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde HAC/2567/2003, do 10 de setembro, pola que se aproba o modelo 036 de declaración censual de alta, modificación e baixa no censo de obrigados tributarios e se establecen o ámbito e as condicións xerais para a súa presentación.*

Modifícase a letra a) do número 1 do subpunto dous do punto décimo segundo da Orde HAC/2567/2003, do 10 de setembro, que queda redactado nos seguintes termos:

«a) O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal, salvo que a causa da presentación da declaración censual sexa a solicitude do devandito número no marco dos convenios subscritos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria cos organismos e institucións que interveñen no proceso de creación de entidades para facilitar a comunicación a estas do número de identificación fiscal provisional ou definitivo.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde do 15 de xuño de 1995 pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación na redacción dada a este polo Real decreto 448/1995, do 24 de marzo, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria (Boletín Oficial del Estado do 22).*

1. Introdúcese unha nova disposición adicional terceira na Orde do 15 de xuño de 1995 coa seguinte redacción:

«Cando a entidade colaboradora xere un NRC erróneo correspondente ás operacións recollidas nas letras a) e b) seguintes, o obrigado ao pagamento porá a incidencia en coñecemento da oficina

da Axencia Estatal de Administración Tributaria que practicase a liquidación que desexa ingresar (se se trata dunha operación prevista na letra a), ou que corresponda ao seu domicilio fiscal (se se trata dunha operación prevista na letra b). A devandita oficina, unha vez realizadas as comprobacións oportunas, entregaralle ao obrigado un documento que autorizará de forma expresa a inmediata anulación do NRC indebidamente xerado conforme o disposto no punto I.9 desta orde. Baseándose neste documento, que deberá ser entregado polo obrigado ao pagamento á entidade colaboradora, esta procederá tanto á anulación do NRC erróneo coma á retrocesión da operación de ingreso que motivou a súa xeración.

a) Liquidacións mencionadas no punto segundo da Orde HAC/3578/2003, do 11 de decembro, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación na redacción dada polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, e se modifica a Orde do 15 de xuño de 1995, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria (Boletín Oficial del Estado do 23).

b) Declaracións-liquidacións axustadas ao modelo 576, aprobado pola Orde EHA/1981/2005, do 21 de xuño, pola que se aproba o modelo 576 de declaración-liquidación do imposto especial sobre determinados medios de transporte, ou modelo 06 de declaración do imposto especial sobre determinados medios de transporte, exencións e non suxeicións sen recoñecemento previo, se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 576 e se modifica a Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 110, 130, 300 e 330 (Boletín Oficial del Estado do 28).»

2. O modelo 330 do anexo II «Código 022 autoliquidacións especiais» queda redactado do modo seguinte:

«Código do modelo: 330.

Denominación: IVE exportadores.

Períodos de ingreso: M-T.»

Disposición derradeira terceira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e afectará por primeira vez as declaracións axustadas aos modelos 392, 180, 193, 345 e 347 respecto á información correspondente ao exercicio 2005, ás declaracións axustadas ao modelo 349 respecto á información correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2006 e á relación de operacións axustada ao modelo 038 respecto á información correspondente ao mes xaneiro do exercicio 2006.

O que comunico para o seu coñecemento e efectos.
Madrid, 3 de outubro de 2005.

SOLBES MIRA

Sres. Director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria e director xeral de Tributos.

ANEXO I

MODELO:

038. Relación de operacións realizadas por entidades inscritas en rexistros públicos. Declaración informativa. Exercicio: NNNN. Período: NN.

NÚMERO DE XUSTIFICANTE:

IDENTIFICACIÓN DO DECLARANTE:

NIF: XNNNNNNNX.

Apelidos e nome ou razón social:

CÓDIGO DA ADMINISTRACIÓN:

IMPORTE DO RECADRO 01:

(Número total de operacións societarias.)

IMPORTE DO RECADRO 02:

(Importe total do capital social.)

ANEXO II

MODELO:

392. IVE Resumo anual. Grandes empresas. Exercicio: NNNN.

NÚMERO DE XUSTIFICANTE:

IDENTIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO:

NIF: XNNNNNNNX.

Apelidos e nome ou razón social:

CÓDIGO DE ADMINISTRACIÓN:

IMPORTE DO RECADRO 86:

(Resultado da liquidación.)

IMPORTE DO RECADRO 94:

(Resultado da liquidación anual atribuíble a territorio común.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16489 *REAL DECRETO 1123/2005, do 26 de setembro, polo que se declara, para incendios acontecidos en diversas comunidades autónomas, a aplicación das disposicións contidas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais.* («BOE» 239, do 6-10-2005.)

O Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, establecía, no seu artigo 1.2, que o Goberno da Nación, mediante real decreto, podería declarar a aplicación das medidas previstas no seu capítulo I (Medidas de apoio aos damnificados) a outros incendios de características similares que acontecesen ou poidan acontecer nun futuro desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2005, determinando os municipios e núcleos de poboación afectados.

En cumprimento desta previsión normativa aprobouse o Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, mediante o que se delimitaban os núcleos de poboación aos cales eran de aplicación as medidas do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, e se establecían, así mesmo, unha serie de normas de desenvolvemento.

O artigo 1 do citado Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, establecía os municipios afectados polos graves incendios forestais de Guadalajara, Cáceres e Badajoz. Así mesmo, deixaba aberta a posibilidade de aplicar as medidas do real decreto a outros municipios que determinase o Goberno, en liña co determinado polo Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo.

Neste sentido, no período comprendido entre o 1 de abril de 2005 e o día da data, producíronse multitude de